

PREGON DO NADAL NO CENTRO CULTURAL DE BEGONTE

Por Adolfo de Abel Vilela

Meus queridos amigos:

Benvidos sexades a escoitar unhas ^apalabras que / nos sirvan de chamada, de espelimento do espírito, de acougo do ánimo, / e, sobre todo, de afirmación nunha fe, de manifestación pública nunha // crencia, e de comunión nunha mensaxe ecuménica, posta por enriba das con- fesións relixiosas e das posicións ideolóxicas: "Paz ós homes de boa von- tade".

Vir a Begonte a falar do Nadal xa é como un ritual que ano tras / ano, fai que se convirta nun símbolo do que é e deben se-las festas, e / sobre todo, as actividades que programa esta Asociación Cultural.

Case tódolos anos, estiven presente nos xurados dos concursos, // nos ^fpegóns, ou nos actos da clausura. Hoxe tócame facer de pregoeiro, e cumpo con gusto este encargo, porque me sinto vinculado co que Begonte significa no Nadal, por afecto á cultura, por admiración ó traballo de / D. José Domínguez Guizán, que é todo isto e que afortunadamente seguen / os seus colaboradores, e por último, por sentir como cristián^a o signifi- cado do Nadal, que non é outro que o de lembrármonos que Xesucristo naceu para salvármonos. Este acontecemento que conmemoramos é un anuncio da // futura redención.

Esta xuntanza de hoxe significa tamén outras cousas. Por unha ban- da que hai un espírito de unidade, de fraternidade e de amor, entón é // máis doado ser solidario cos semellantes, cos amigos, cos veciños, coa / familia; significa que hai un interese por continua-la obra cultural e / relixiosa dun home que se entregou ó servizo dos seus feligreses e con- veciños, achegándolles ese ben, que moi poucas veces se aprecia, a cul- tura, poñendo^a máis preto do seu fogar. Un home culto será, case sempre, / unha persoa con humanidade, de mellor razoamento, de miras amplas, e con- secuentemente de espírito libre e con vocación social; significa tamén a renovación dunha tradición, dunhas crencias, dunha forma de ser e de pen- sar que deu lugar a esa mensaxe de amor e solidariedade, da nosa relixión e de tódolos cristiáns.

Estas festas aínda que teñen un significado común, cal é o da re- dención, o do irmanamento, o amor e a solidariedade, cada un de nós /// vainas vivir dun xeito distinto. A lembranza dos seres máis queridos que

xa non compartirán coa súa presenza física, a ledicia dunha festa, será a nota triste, e ó mesmo tempo esperanzada, dun presente proxectado cara ó futuro. Será a ~~reflexión~~^{reflexión}, a conexión coa realidade que nos toca vivir. Pero terémo-lo consolo de saber que o cristián non se debe amilafiar dian te dun fracaso, ou dun^{ha} adversidade.

Haberá outros no que a ledicia estea presente, e entón non haberá esa reflexión sobre a realidade do que somos, e ó mellor nin siquiera unha ollada ó noso arredor para ve-la situación dos nosos irmáns, dexia-los / nosos egoísmos, entregármonos ó servicio dunha sociedade que perde en // humanidade o que gaña en frialdade e pragmatismo. Temos que aprender a / facer cousas polos demais sen agardar recoñecemento ou recompensa. Esa / foi a filosofía do neno de Belén, practicada durante a súa curta, pero non por iso, extraordinaria vida.

Como vedes falar do Nadal non é cousa doada pola grande variedade de aspectos que teñen estas festas desde o punto de vista relixioso, familiar, artístico e dos costumes; son, quizais, as festas máis culturais, porque se misturan nelas varias artes: a música e o canto, cos vilancicos; a culinaria, coas comidas e os doces; as plásticas, cos nacementos e as árbores do Nadal, etc. Temos que engadir un aspecto social moi importante, que é o da unidade familiar; outro relixioso ó conmemoralo // nacemento do Redentor, do fillo de Deus; e o dos costumes de cada comarca ou lugar. Imos logo dicir algo de todo isto.

Estamos pois, a conmemorar outro ano o feito máis prodixioso da / historia espiritual da humanidade, o nacemento dun neno que será a materialización en home do mesmo Deus. Ben sabedes que segundo o dogma cristián, Deus é espírito e non se lle pode atribuir forma corpórea; pero o verbo de Deus encarnouse, e Xesucristo foi tamén home. Este home Deus // que foi adorado en Belén polos pastores, agasallado polos reis, e que // agora seguimos adorando a través das especies de pan e viño, lembrando a súa inmolación no Monte Calvario, e na presenza decote na Santa Igrexa, Catedral de Lugo, para mostra dos incrédulos e afirmación dos que, como os nosos antergos, cremos neste misterio de fe.

O ser humano máis preto de Xesucristo é María, a súa nai, a que dun xeito positivo participou na Redención.

A Igrexa Catedral de Lugo, xa tiña no século IX un altar adicado ó Salvador e outro a Santa María, segundo di a manda do bispo Odoario, / restaurador da cidade, Santa María de Lugo, a nosa virxe dos Ollos Grandes, a nai de Deus diante da que se di que San Pedro de Mezonzo se inspirou para compoñe-la oración universal da "Salve Regina".

A raíña dos ceos, aquela diante da que un día o anxo Gabriel, man-
dado por Deus, díxolle:

"non temas, María, pois atopache
gracia ós ollos de Deus. Veleiquí
que concebirás no teu seo e darás a
luz un fillo, a quen darás por nome
Xesús. Este será grande, e será re-
coñecido como Fillo do Altísimo, e
daralle o Señor Deus o trono de Da-
vid, seu pai, e reinará sobre a ca-
sa de Xacob eternamente e o seu rei-
nado non terá fin".

Así comezou un dos acontecementos máis fermosos e transcendentais da historia do home, que habería de marcar ó longo dos séculos un xeito de ser, un estilo, e unha conducta que daría lugar ó que hoxe noemamos / como "civilización occidental", marcada, feita, e sustentada por aquel / movemento renovador que foi o cristianismo. Unha mensaxe de amor, solidariedade e esperanza fronte a ese mundo que segue incommovible diante / das penas e as esperanzas dos homes. Os pobos pereceron, en moitas ocasións, por falta de xenerosidade. Neste mundo materialista en que se ten por galanía presumir de ateo, o significado do Nadal, a súa celebración, é a mellor mostra de que, a pesar de tódalas persecucións, a Igrexa segue en pe. O berce de Belén, segue connosco.

Os primeiros cristiáns sentiron un grande interese por coñecer // detalles da vida de María e da infancia do neno Xesús. Pero ben sabedes que os evanxelios só recollen aqueles sucesos directamente relacionados coa doutrina e a misión redentora de Xesucristo. Isto deu lugar a que // aparecesen unha serie de escritos que contan feitos que ben puideron ter sucedido, pero que se teñen por apócrifos. De tódolos xeitos pódese dicir que serviron para afervorar ós crentes.

Na Idade Media estas lendas son recollidas e vulgarizadas por Vicente de Beauvais na obra "El Espejo de la Historia", e por Jacques de /

Voragin na "Leyenda Dorada". Ambas dúas foron a fonte de inspiración para os artistas que a reflexan en cadros e retábulos, para move-la devoción das xentes iletradas, facendo uso dun principio que sería básico moitos séculos despois nos medios de información: "Unha imaxe, vale máis cun milleiro de palabras". Esta necesidade de representación, mesmo da escenificación, de conmemora-lo nacemento do fillo de Deus, no tempo do // Nadal, comeza no século XIII por iniciativa de San Francisco, levado polo seu grande amor para co "Nenito de Belén". Na Noite Boa do ano 1233, en Greccio, puxo unha imaxe do neno Xesús nun pesebre, con dúas grandes da Virxe e San Xosé, en compañía dunha mula e dun boi vivos. Os frades e // maillos veciños do lugar, celebraron diante daquel nacemento a misa, e // despois do canto da Epístola, explicoulle-la transcendencia do Misterio.

Os franciscanos seguiron o costume, levándoo por tódalas partes, acrecendo a iconografía, con especial desenvolvemento nos séculos XVII e XVIII. O barroco da segunda metade do século XVII, coincide co comezo do período de maior apoxeo do belenismo artístico, tanto nos países meridionais como nos centrais de Europa. Feitas en cera ou barro, en madeira ou coral, por esgrevios artistas nos pazos dos reis e dos aristócratas, así comezaron a xurdi-los chamados "beléns" ou "nacementos".

Pero o pobo tivo sempre a súa representación do nacemento en moitas igrexas. Na predela dalgúns retábulos pódense ver esceas como o portal, e a adoración dos reis; tal é o caso do retábulo maior do mosteiro de San Salvador de Asma en Chantada; ou no antigo retábulo maior da ~~mesa~~ ^{da Lugo} catedral feito por Cornelius de Holanda, aposturado hoxe no cruceiro; ou no baldaquino de pedra que se conserva no Museo Provincial. Son exemplos dun evanxelio vivinte, que lembraba ós fieis o acontecemento do Nadal. / Una relato que foi completado polo pobo con aquel sinxelo xénero de canción popular, o vilancico, por se-las cancións que cantaban os da vila / para o seu solaz. Un xénero que a partir do século XVI acadou gran desenvolvemento como tema para a música relixiosa. A grande realización musical do barroco foi explicar en lingua vulgar os misterios feitos nos oficios divinos.

As panxoliñas do Nadal, o canto dos reis, é unha ~~mesa~~ ^{sinxal} do sentimento relixioso do noso pobo. Unha mostra do seu inxenio, da súa agudeza é este que cantaban os nenos do Hospicio de Santiago no ano 1849:

Agora si que é a certa
De que temos que bailar
Pois achamos ó Meniño
Que nos vén a remediar.

Ben o vedes, meus rapaces
Que gordo e garrido está
Anque naceu o probiño
Antre as pallas dun curral.

Os anxeliños na groria
Se lle poñen a cantar,
E tamén os paxariños,
Cousas de moito solás.

O corazón se me alegra
Ao velo con súa nai
Como unha frol bonitiño,
Tan ledó que xenio fai.

Non porque probe nacese
Deixa de ser neno Real,
Pois fillo do Rei Divino
É tan grande Maxestá.

A coitadifia de Virxen
Lle doi ao velo tembrar
Porque non ten -miña xoia!-
Panifios pra o acochar.

Mais nós temos de traguerrlle
Manteliñas e inda máis,
Meliño de abellariso
Nos cobos, até fartar.

E tamén rolos de rosas
Con que podelo adornar
Que mesmo non haxa outro
Tan garrido nin galán.

Se non fora porque teño
Esta cara de larpán
Dáballe catro biquiños
Mais nono quero asustar.

Vámonos xa pra aldea
Pois eiquí ne ben ruar
Porque Xesusiño dorme
E pódese despertar.

Tódalas festas teñen unha parte espiritual e outra material. É /
dicir, unha parte ritual, e outra formal, A parte ritual é aquela que //
ten relación coa relixión e coa tradición, é a parte máis vencellada ó //
bandullo, pois xa se sabe que "as penas con pan, son menos". Hai que dar
satisfacción, ó corpo cunha boa cea o día de Noite Boa. A nosa cocina //
non é moi refinada porque a bondade dos produtos, fía escudi-los gran-
des refinamentos. Hoxendía, o nivel de vida máis alto que temos, fixo //
que se perderan algúns dos pratos tradicionais.

A base da festa eran as partes frescas do porco: os chourizos //
aínda verdes, a solana, o touciño fresco, a zorza, as frebas, os roxós,
as filloas o día de Reis, as berzas do Nadal, o bacallau, os figos, as //
uvas pasas e outras lambetadas. Antigamente dicíase que o pan que se po-
ñía na táboa o día de Noite Boa, duraba todo o ano sen se botar a perder.

Polas terras da montaña, e polas deste bispado de Mondoñedo, ha-
bía o costume de limpar ben a lareira, na noite do Nadal para facer unha

gran fogueira, a máis grande do ano, na que se botaba un cepo que duraba ata o comezo do novo ano. Os anacos que quedaban gardábanse para facelos arder no lume cando había un pedrisco ou unha calamidade. O costume é tan vello que o bispo de Mondoñedo, Don Antonio de Guevara, no sínodo do ano 1541, priva que se faga. Di:

"na noite do Nadal botan un cepo grende ó lume, que dura ata o Ano novo, que chaman "o tizón do Nadal", e dan despois, para saca-las quenturas, dadquel tizón; e como isto é rito diabólico e xentilicio, anatematizamos e descomulgamos, e maldecimos a tódalas persoas que, desde aquí adiante, empregue esta superstición; e máis alá, disto condenámoslos con dous mil maravedís, e que un domingo, na misa maior, faga unha penitencia pública".

Lóxicamente o costume xa se perdeu porque nas casas das nosas // aldeas xa non hai lareira, senón modernas e cómodas cociñas, arredor das que se sentan os da casa e os de afora, para xantar ou falar.

Despois da cea da Noite Boa, as familias ían á Misa do Galo, que se prestaba para que a mocidade fixera das súas polas corredoiras. Na // igrexa adicábanse a xunguir ás velliñas atándoas unhas ás outras polos / flecos dos mantóns. Entre as risas de todos, as mulleriñas, ríndose polo baixo, coa paciencia que dan os anos, desenmarañábanse para voltar á casa cos seus.

O Nadal é unha festa de amor, de unión, coa familia e cos amigos. De unión espiritual cos que se atopan sos, cos que sofren. É unha festa de ledicia e de tristura. De ledicia, porque nestes días procúrase ter / preto dun ós que nos son máis queridos. De tristura, porque todos temos sempre que lembrar a un ser querido. Como ben di a canción dun anuncio / propio destes días, "quién no echará demenos a un buen amigo, quién no / tiene muy lejos a ser querido". Teñamos para todos eles unha lembranza, e unha oración para os que xa se foron para sempre. Teñamo-lo desexo de chegar a estar xuntos de novo.

Que nas nosas familias reine para sempre o amor e a felicidade. Que se ^{fagan} ~~fan~~ certas aquelas palabras que os anxos do ceo dixeron ás xentes cando veu ó mundo o neno Xesús:

"Gloria a Deus nas alturas, e paz na terra ós homes de boa vontade"

Que se fagan certos os versos desta composición popular cheos de amor e
ledicia:

Que bata o pandeiro
que toque o ferriño
e que no rueiro
bailen os neninños
que as conchiñas
rqpeniquen ben
polo neníño
nacido en Belén

BOAS FESTAS E MELLOR ANO.

Begonte, 17 de decembro de 1988